7.RELACIÓN POR CURSOS DE CONTIDOS, OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN , COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES E A SÚA TEMPORALIZACIÓN. PROCESOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.

7.3 4º ESO

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO

Tempo- raliza- ción	Contidos e Obxectivos (<i>OBX</i>)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe e Competencias Clave (<i>CC</i>)	Grao mínimo de consecución dos estándares	Procedementos (<i>PROC</i>) e instrumentos de avaliación(<i>I. AVAL</i>)
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia					
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. ▪ <i>CC: CAA, CD, CSIEE, CCEC</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza un proxecto persoal básico seguindo o esquema do proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>PROC:OD, IOA, APA</i> ▪ <i>I. AVAL: P, CA</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª AV 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. ▪ <i>OBX: a, c, d, f, h, n, o</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. ▪ <i>CC: CD, CSIEE, CCEC</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza elementos publicitarios sinxelos cunha actitude crítica tratando os elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>PROC:OD, IOA, APA</i> ▪ <i>I. AVAL: P, CA</i>

8. METODOLOXÍA.

Levaranse a cabo unha serie de estratexias didácticas e metodolóxicas que se detallan a continuación:

En canto ao sistema de traballo:

Organizarase o proceso de ensinanza e aprendizaxe basándose nunha progresión adecuada dos contidos. Ao comezo de cada unidade darase unha visión global dos contidos para a continuación, realizar o planteamento conceptual mediante a exposición oral dos coñecementos. Esta exposición estará acompañada do material de apoio preciso para cada momento: libros de texto, libros de consulta procedentes da biblioteca do centro, esquemas e debuxos na pizarra, diapositivas e/ou presentacións e imaxes dixitais empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.

A través deste material didáctico fomentarse a observación e a capacidade de análise do alumnado. Será importante que ao inicio de cada proposta se relacionen os contidos da mesma có aprendido

anteriormente e que se busque motivar ao alumnado aludindo, sempre que sexa posible, ao seu entorno. Priorizarase a comprensión dos contidos por riba da aprendizaxe memorística. Potenciarase o uso das rutinas e destrezas de pensamento.

En canto ao deseño das actividades:

Deseñaranse actividades de diferentes graos de dificultade por grupo e por curso.

No caso de 1ª da ESO tratarase de crear actividades nas que a experimentación sexa maior. Será de especial importancia que as actividades traten máis dunha competencia á vez. En todo momento haberá recursos alternativos para ter en conta a diversidade do alumnado e poder reforzar e ampliar os seus coñecementos.

Uso das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación):

Usaranse as TIC dentro do proceso pedagóxico de diversas maneiras:

Realizaranse presentacións dixitais das unidades ou dalgunha tarefa sempre que sexa posible.

Deseñaranse actividades que integren as TIC e internet. Estas actividades favorecen a aprendizaxe significativa e son motivadoras para o alumnado sempre que se utilicen as ferramentas adecuadas na rede e estén supervisadas pola profesora.

Os contidos dixitais que se seleccionen terán sempre unha función pedagóxica para acadar os obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria e da área.

Ensinarase a saber ver, saber facer, saber estar, saber ser. O proceso educativo non implica só a ensinanza dunhos contidos curriculares, vai máis alá, máis alá do saber plástico.

Na medida do posible, procúrase o traballo en equipo do profesorado para realizar proxectos en común.

8.1.METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.

Dada a situación deste curso 2020-21 debemos contemplar a posibilidade do ensino a distancia. Por este motivo o alumnado terá acceso a aula virtual dende a primeira semana de clase. Esta plataforma empregarase simultaneamente coas clases presenciais para que o alumnado se habitúe a empregala por si a situación nos obriga novamente a realizar a ensinanza online. De este xeito garantimos que ó alumnado coñece o seu funcionamento. Se algún alumno tivese dificultade para traballar de modo online facilitaríasele o material dende o centro a modo de fotocopias e cartafol de actividades.

9.RECURSOS DIDÁCTICOS.

Neste apartado sinálanse os materiais e recursos didácticos necesarios para a docencia da asignatura xunto co material que o alumnado precisa para cursar a materia. Tamén se fai referencia aos espazos que se poderán empregar dentro do centro para a realización das actividades ou traballos plantexados.

Recursos da profesora

Cadernos de traballo, recursos impresos/dixitais propios, libros de departamento e da biblioteca do centro, ordenador portátil, pizarra dixital e proxector, cámara fotográfica e trípode, instrumentos de debuxo técnico e material de debuxo artístico.

Recursos do alumno

Instrumentos de debuxo (escuadra, cartabón e regra), compás, block de debuxo, lápices de diferentes durezas, goma e afialápices, lápices e rotuladores de color, acuarelas e rotulador permanente. Este ano pola situación que estamos a vivir, o alumnado non poderá compartir o seu material.

Recursos dos espazos e do centro

Aula de plástica dotada do material específico da materia, espazo exterior do centro, aula de informática e biblioteca do centro. Aula virtual, donde o alumnado pode consultar os diferentes contidos que se están a traballar na aula.

O departamento dispón de algúns materiais que porá á disposición do alumnado para a realización de diversidade de tarefas sempre previamente desinfectado.

Poderase solicitar material extra para o desenvolvemento dalgunha actividade en concreto.

Aspectos a resaltar:

MOI IMPORTANTE: Para unha aplicación axeitada da metodoloxía proposta será preciso que os alumnos/as acudan á clase co material e instrumental necesario para o seguimento da materia.

10.A AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

10.1 A AVALIACIÓN.

Dentro da área da EPVA realizaranse as seguintes avaliacións

- Ao comezo do curso, **unha avaliación inicial** en 1º,3º e 4º da ESO co obxectivo de:
 1. Obter información sobre os coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.
 2. Adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado.
 3. Tomar decisións sobre o desenvolvemento do currículo e a adopción de medidas de reforzo, apoio e recuperación precisas.
- **Avaliación do proceso de aprendizaxe:** é unha avaliación de carácter orientador e corrector do proceso de aprendizaxe.

Proporcionáanos información constante sobre dito proceso de aprendizaxe e adáptase ás posibilidades ou necesidades do alumno/a e permítenos ir modificando e reforzando, se fose necesario

- **Avaliación final:** ten por obxectivo coñecer o grao de aprendizaxe adquiridos por cada alumno/a ó final do proceso desenrolado nos temas de traballo ou bloques de contidos.

En relación á **avaliación ordinaria** , realizaranse de setembro a xuño tres avaliacións; en caso de non superar a avaliación final con un mínimo de 5 puntos, terá unha **avaliación extraordinaria**.

10.2 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 1º, 3º e 4º DE ESO

Combinaranse diferentes procedementos e instrumentos avaliadores co fin de obter unha información exhaustiva e o máis completa posible de todos os aspectos, elementos e factores implicados no proceso de ensino-aprendizaxe.

Pódense destacar entre os procedementos de avaliación:

- **APA** *A análise da produción do alumnado*
- **OD** *A observación directa(espontánea/sistemática):* actitudes, participación, actitudes no taller e nas actividades extraescolares, hábitos de limpeza, etc ...
- **IOA** *Os intercambios orais do alumnado:* debates en grupo, diálogos, conversas, entrevistas, exposicións temáticas...

10.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 1º, 3º E 4º DE ESO.

Ao longo do curso, o **traballo continuado na clase** será o pilar que definirá en grande medida os resultados académicos, polo que se efectuará, no posible, un seguimento continuado dos progresos do alumnado a través, fundamentalmente de:

- **CA** *Caderno de artista* (BLOCK DE DEBUXO): *bosquexos, tarefas (escritas, gráfica-plásticas, técnicas,.)apuntamentos...*
- **PF** *Produto final:* *deseño de produto, producións: gráfico-plásticas, dixitais, orais, escritas, artístico-grupais...*
- **P** *Probas:* *probas gráfico-plásticas, traballos escritos...*
- **Rexistro, caderno da profesora:** *actitudes, valores e normas e traballo diário.*

a) CADERNO DE ARTISTA.

Estará composto por diversas tarefas que poderán ser escritas, gráfico-plásticas e técnicas e estarán baseadas nos contidos de EPVA traballados en cada avaliación.

O alumnado terá que traballar no seu caderno de artista dentro da aula polo que non o poderá levar para a casa, agás específica autorización da profesora. **Non se valorarán os traballos realizados na casa. A súa calificación será 0 puntos.**

A avaliación do caderno de artista e producións finais farase mediante rúbricas, a observación directa, rexistro cuantitativos e cualitativos. Cada traballo incluído no CADERNO DE ARTISTA valorarase sobre 10 puntos.

As producións finais poderán ser: deseño de produto, producións escultóricas, producións gráfico-plásticas, producións dixitais (que se entregarán no formato e do xeito que a profesora solicite) ou producións escritas.

Cada unha das producións valorarase sobre 10 puntos.

IMPORTANTE: A entrega non xustificada dos traballos fóra de prazo terá a cualificación de 0 puntos e non se recollerán.

b) PROBAS E TRABALLOS COMPLEMENTARIOS

AS PROBAS PODERÁN SER GRÁFICO-PLÁSTICAS OU ESCRITAS: versarán sobre os contidos traballados no caderno de artista e nas producións finais que se traballen en cada unidade didáctica. O calendario das mesmas daríase a coñecer con antelación. Tamén se contabilizarán neste apartado os traballos escritos ou presentacións dixitais. Cada proba valorarase sobre 10 puntos ó igual que cada traballo, para despois ponderar a nota segundo o seu peso parcial (10 %). No caso dos traballos escritos ou presentacións dixitais, se se detecta que non son orixinais non se calificarán.

C) Por outra parte, levarase **un rexistro (caderno da profesora) onde o alumnado será valorado en relación cos seguintes aspectos:** o seu traballo diario na aula, a súa actitude, levar á clase o material diariamente, a participación, a limpeza e coidado da aula e do material de uso propio e común. Este instrumento terá un peso dun 10% na nota final de cada avaliación.

OBSERVACIÓNS:

- Cada vez que o alumnado non teña material restarase na nota final de cada avaliación 0,25 puntos.
- Cada vez que se deixe sin limpar o lugar de traballo ou a aula en xeral restarase na nota final da avaliación 0,25 puntos.
- Cada vez que se use inadecuadamente o material da aula de plástica ou de calquer outro espacio no que se imparta a materia restarase na nota da avaliación 0,25 puntos.

10.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º, 3º E 4º DE ESO

Á hora de avaliar debemos ter en conta a importancia do traballo de aula para as materias do departamento polo que será este traballo de aula o que teña o maior peso na nota. Neste apartado sinálanse as porcentaxes de cada instrumento de avaliación que se detallan no apartado anterior e o seu peso na calificación de cada avaliación. En resumo:

- En cada exercicio práctico incluído no **caderno de artista** (block de debuxo), así coma nas **produccións finais** (*deseño de produto, producións escultóricas, dixitais, artístico-grupais, orais, escritas...*) valoraranse os conceptos e destrezas adquiridas para a súa realización (orixinalidade, asunción de riscos creativos, uso de materiais, organización e aplicación no traballo dos conceptos teóricos, a sensibilidade estética, o uso do vocabulario específico...

Este apartado pesará un **80%** da nota final. Calcularase facendo a media aritmética das calificacións obtidas nos traballos incluídos no Caderno de Artista xunto coas Produccións Finais realizadas.

- Haberá tamén un seguimento da asimilación dos conceptos teóricos a través de pequenas **probos** que poderán ser gráficas ou escritas e que constituirán o **10%** da porcentaxe de avaliación. Dentro destas probas tamén se inclúen os traballos escritos ou as presentacións dixitais con respecto a algún tema relacionado cos contidos da materia.
- Dentro do **registro/caderno** da profesora anotarase o traballo diario do alumno, hábitos de traballo, destrezas... Terán un peso dun **10%** sobre a nota final.

A valoración numérica para os distintos instrumentos de avaliación que darán lugar á nota trimestral do alumnado amósase a continuación nas seguinte táboas:

NOTA TRIMESTRAL			
<ul style="list-style-type: none"> • CADERNO DE ARTISTA • PRODUCCIÓNS FINAIS 	<ul style="list-style-type: none"> • PROBAS: GRÁFICAS E ESCRITAS • TRABALLOS 	FICHA DE ALUMNO/A (recollidas no caderno da profesora)	NOTA FINAL
80 %	10 %	10 %	100%

- A entrega dos traballos (realizados no caderno de artista e as producións finais) entregados fóra da data sinalada non se correxirán nin se recollerán. Pasarán a ser calificados con un 0 e farán media co total de traballos realizados no CADERNO DE ARTISTA e PRODUCCIÓNS FINAIS que se esixan en cada avaliación. **A nota media dos traballos (caderno de artista e producións finais) calcularase sobre o total de exercicios propostos, sexa cal sexa a cantidade dos entregados.**
- A nota final será a media entre as tres avaliacións.

OBSERVACIÓNS:

O redondeo na cualificación farase á alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a ± 0.6 puntos e á baixa en caso contrario.

11.DESEÑO E RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL EN 1º, 3º e 4º ESO.

AVALIACIÓN INICIAL 1º ESO			
<p><i>A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. Na materia de 1º de ESO denomínanse "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".</i></p> <p><i>É o obxectivo fundamental desta avaliación coñecer os coñecementos, habilidades, aptitudes e actitudes que os/as estudantes teñen con respecto á materia de EPVA.</i></p>			
TAREFA 1: ANÁLISE DE FORMAS, CORES E TEXTURAS			
OBXECTIVOS	DURACIÓN	INSTRUM. AVALIACIÓN	PROCEM. AVALIACIÓN
<p>1. Coñecer cal é o dominio que ten o alumnado das diferentes competencias básicas.</p> <p>2. Analizar cales son os coñecementos previos que ten o alumnado acerca dos contidos a tratar neste curso.</p> <p>3. Coñecer o nivel comprensivo do alumnado con respecto a unha mensaxe.</p>	1 sesión	<p>- Proba gráfica</p> <p>- Rúbrica de avaliación inicial</p>	<p>1.Observación Directa</p> <p>2. Anecdario</p> <p>2.Rúbrica de avaliación inicial</p>
TAREFA 2: COPIA UN MODELO			
OBXECTIVOS	DURACIÓN	INSTRUM. AVALIACIÓN	PROCEM. AVALIACIÓN
<p>1. Analizar as habilidades técnicas e artísticas que teñen os alumnos/as.</p> <p>2.Recoñecer o grado de adquisición ou carencia das competencias básicas mediante a análise e o proceso creativo.</p> <p>3.Prever e anticipar axustes individuais e afrontar atrasos escolares.</p> <p>4. Coñecer o nivel creativo dos/das estudantes.</p>	1 sesións	<p>Producción gráfica</p> <p>Rúbrica avaliación inicial</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Intercambios orais co alumnado.</p>

AVALIACIÓN INICIAL 3º ESO

O alumnado de 3º da ESO cursou EPVA en 1º de ESO .

É o obxectivo fundamental desta avaliación coñecer os coñecementos, habilidades, aptitudes e actitudes que os/as estudantes teñen con respecto á materia de EPVA.

TAREFA 1: REPRESENTACIÓN DE ELEMENTOS SINXELOS.

OBXECTIVOS	DURACIÓN	INSTRUM. AVALIACIÓN	PROCEM. AVALIACIÓN
1. Coñecer a habilidade que ten o alumnado no manexo dos instrumentos e ferramentas de debuxo. 2. Coñecer o nivel creativo dos/das estudantes. 3. Recoñecer o grado de adquisición ou carencia das competencias básicas mediante a análise do proceso creativo dos estudantes. 4. Prever e anticipar axustes individuais e afrontar atrasos escolares.	1 sesións	Producción gráfica RÚBRICA AVALIACIÓN INICIAL	- Observación directa. - Intercambio orais co alumnado - Análise da produción do alumnado.
TAREFA 2			
Manexo Instrumentos DT	DURACIÓN	INSTRUM. AVALIACIÓN	PROCEM. AVALIACIÓN
- Coñecer as habilidades técnicas do alumnado.	1 sesión	Proba	- Observación directa. - Análise da produción

AVALIACIÓN INICIAL 4º ESO

O alumnado de 4º da ESO cursou EPVA en 3º de ESO .

É o obxectivo fundamental desta avaliación coñecer os coñecementos, habilidades, aptitudes e actitudes que os/as estudantes teñen con respecto á materia de EPVA.

TAREFA 1: QUESTIONARIO DE PERCEPCIÓN VISUAL, ARTE E XEOMETRÍA.

OBXECTIVOS	DURACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN
<p>1. Coñecer a habilidade que ten o alumnado no manexo dos instrumentos e ferramentas de debuxo.</p> <p>2. Coñecer o nivel creativo dos/das estudantes.</p> <p>3. Recoñecer o grado de adquisición ou carencia das competencias básicas mediante a análise do proceso creativo dos estudantes.</p> <p>4. Prever e anticipar axustes individuais e afrontar atrasos</p>	2 sesións	Producción gráfica RÚBRICA DE AVALIACIÓN INICIAL	Observación directa. Análise de produción do alumnado.

RESULTADOS AVALIACIÓN INICIAL:

Tras realizar a avaliación inicial, os resultados acadados foron satisfactorios en todos os cursos. Só se atopou un caso dun alumno con NEAE. A este alumno realizaráselle unha adaptación curricular na materia de educación plástica é visual para o curso.

12.ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE. RECUPERACIÓNS E PROBAS EXTRAORDINARIAS.

RECUPERACIÓNS

Os alumnos que non consigan superar os contidos mínimos e as competencias clave estipulados na programación durante unha avaliación deberán repetir ou entregar de novo as lánimas que teña suspensas durante o comezo seguinte avaliación. Estes traballos serán presentados no block do alumno xunto co resto dos traballos da avaliación.

PROBA EXTRAORDINARIA

O alumnado que suspenda a materia deberá presentarse a proba extraordinaria que tal e como establece a *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* realizarase a finais de xuño. O alumno suspenso deberá entregar o block do curso, donde deberán estar repetidos aqueles traballos que estaban suspensos. Ademais debe presentarse ao exame teórico-práctico da materia.

RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Para o alumnado con materia pendiente realizarase un seguimento personalizado por parte do departamento de debuxo. Entregaránselle o alumno diferentes tarefas para que debe ir realizando no block de debuxo, o cal deberá entregar cando sexa requerido polo docente para a súa corrección. O docente revisará e guiará o alumnado y tentará resolver calquera dúbida que teñan. No mes de maio marcarase unha fecha de entrega para que o alumnado entregue o block donde traballou os contidos mínimos esixibles e as competencias claves para intentar superar a materia e realizará un exame teórico-práctico da materia.

13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Prevense distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, motivacións e intereses dos alumnos e alumnas.

13.1 Os reforzos e as adaptacións curriculares.

Consideramos adaptacións curriculares cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender as **diferenzas individuais** do noso alumnado. Determinarase a estratexia a seguir e as características do alumno/a que poidan axudar ou entorpecer a estratexia: en que agrupamentos traballa mellor, que tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconcepto ten, etc.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que podemos atopar:

a) **Reforzo educativo:** é sobre a programación didáctica xeral. Non afectan ós aspectos prescritivos do currículo. Tratan, sinxelamente, de facilitar o proceso educativo de cada alumno/a considerado individualmente. As adaptacións contéplanse referidas ós aspectos seguintes: agrupamentos, contidos, actividades, metodoloxía, materiais utilizados e procedementos e instrumentos de avaliación.

b) **Adaptacións curriculares significativas:** trátase de adaptacións para alumnos/as con necesidades educativas especiais. Os casos nos cales existan serias dificultades para que un alumno/a alcance os obxectivos correspondentes ao seu nivel en varias áreas, implicarán tamén unha consideración especial e deberán conducir ao deseño dun currículo individual. Tratarase de adaptacións baseadas na **eliminación dunha parte dos contidos esenciais e obxectivos xerais das áreas curriculares coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación.**

Dentro deste colectivo de alumnos/as contéplanse tanto a aqueles que presentan algún tipo de minusvalía ou discapacidade, como aos que posúen un historial educativo complexo debido a condicionantes socio-afectivos.

13.2 As necesidades educativas especiais.

Prevendo a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais, contémpanse unha serie de medidas que se especifican a continuación.

O obxectivo último será proporcionarlle ao alumnado a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando sempre de que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para todos/as.

O alumnado con necesidades educativas especiais beneficiarase dun **tratamento individualizado a través das seguintes adaptacións curriculares**:

- Cambios metodolóxicos.
- Prioridade nalgúns obxectivos e contidos.
- Modificacións no tempo de consecución dos obxectivos.
- Adecuacións nos criterios de avaliación en función das súas dificultades específicas.

Non obstante, o seu maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e diagnóstico previo de cada alumno/a, que debe realizar o Departamento de Orientación.

13.3 Os casos de alumnado con altas capacidades

Para os alumnos/as cun rendemento especialmente salientable ou mesmo que poida identificarse como alumno/a con altas capacidades (AA.CC) contémpanse medidas de apoio encamiñadas a contribuír a un rendemento máis pleno e de acorde coas súas posibilidades, diferentes das doutros casos. As propostas basearanse principalmente en:

1. Levar a cabo traballos de investigación ou creación artística sobre contidos específicos da materia coa posibilidade de expoñelos posteriormente ó grupo ou comunidade escolar.
2. Ampliar coñecementos e habilidades realizando tarefas de máis dificultade.
3. Contemplamos para valorar como abordamos a diversidade nas nosas clases a seguinte táboa:

AVALIACIÓN DO TRATAMENTO DA DIVERSIDADE			
¿Que fago para coñecer a composición da clase?	1	2	3
▪ Paso unha proba ao comezo do curso.			
▪ Leo os informes anteriores.			
▪ Vexo os resultados da avaliación.			
▪ Facilitánma nas reunións de grupo.			
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos.			
A miña programación ten en conta a diversidade.			
Doulle a cada alumno a información que precisa.			
▪ No grupo grande			
▪ De forma individual.			
Propoño exercicios de distinto nivel en cada proxecto.			
Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados, tanto por riba como por abaixo.No grupo pequeno			

14.CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

A lectura enténdese como un instrumento vital de integración, chave de transformación social e canle para acceder ao coñecemento de xeito consciente e libre. Por iso dende a materia de educación plástica intentarase inculcar ó alumnado o hábito lector, mostrándolle que este favorece a reflexión, o pensamento abstracto e o xuízo crítico, ao tempo que fortalece a imaxinación e resulta fundamental para o acceso ao patrimonio cultural universal.

Dende o departamento de EPV empregaranse pequenos textos de lectura para traballar: entrevistas a artistas, fragmentos de libros, fragmento de biografías de pintores, escultores, arquitectos, lecturas sobre técnicas plásticas ou aqueles outros que remitan a contidos de interese da materia. Ademais durante este curso realizaranse lecturas de contos dentro da aula sobre os que o alumnado realizará posteriormente as ilustracións.

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

O Departamento de Plástica, que traballa eminentemente con recursos visuais, considera que as ferramentas TIC son un excelente complemento ás técnicas tradicionais, así como un recurso indispensable para traballar certos aspectos das nosas asignaturas. Serán obxectivos primordiais para a nosa contribución ao plan TIC :

- Introducir ao alumnado no uso de certas tecnoloxías que favorecerán a realización de traballos de debuxo no seu futuro profesional.
- Fomentar a procura de información na rede e facilitar ao alumnado as ferramentas para facelo.
- Fomentar a participación en foros de opinión de carácter virtual sobre temas artísticos.
- Ensinar a utilizar as ferramentas TIC como medio de comunicación, formación e información rápidas e dinámicas.
- Integrar soportes variados no proceso de ensino-aprendizaxe (imaxe+texto+son+...).
- Fomentar o uso da internet como mecanismo de viaxe a outras culturas e realidades, así como para realizar visitas virtuais a museos de todo o mundo.

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

A acción lectiva nas materias propias do Departamento contribuirá ao logro dos obxectivos fixados no Plan de Convivencia:

- Preparar para a vida social adulta.
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos.
- Formar para a paz, a cooperación e a solidariedade.
- Fomentar as boas relacións interpersoais e a autoestima desde o diálogo, a participación e a asunción de responsabilidades.
- Tomar decisións, pactar, fomentar a crítica construtiva e adquirir compromisos.
- Mellorar o clima de convivencia escolar e as relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Ensinar inclusivamente, tendo en conta as necesidades de todo o alumnado, con respecto ás diferenzas.
- Ensinar en valores para aprender a convivir de maneira responsable, favorecendo o traballo colaborativo.

- Superar os climas de tensión creando relacións de interdependencia entre iguais. En canto ás iniciativas concretas que se desenvolverán:
- Realización de exercicios plásticos tomando como referente os contidos transversais definidos no presente proxecto didáctico.
- Valorar na avaliación os contidos actitudinais.
- Atallar de raíz calquera tensión ou conduta disruptiva que xurda, remitindo ao alumnado causante á aula de convivencia, con tarefas específicas para realizar nela.

17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias realizaranse seguindo o protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 establecido pola consellería de educación. Realizaranse actividades de colaboración para o deseño e decoración para conmemorar datas ou eventos especiais que se celebren durante o curso no centro.

Entre as actividades complementarias que poderían realizarse ao longo do curso encóntranse as seguintes:

- Decoración de diferentes espazos do centro para conmemorar diferentes eventos como son o magosto, o Nadal, o día da muller, o día contra a violencia de xénero etc.
- Colaboración con outros Departamentos para preparar e organizar viaxes culturais (excursións de un día, obras de teatro, concertos, exposicións,etc.) e para a abordaxe de contidos establecidos que poidan poñerse en común a partir de criterios de afinidade temática en proxectos interdisciplinares entre materias non afíns.

Dende a materia de educación plástica animarase o alumnado a participación activa en actividades de carácter cultural: exposición de traballos, concertos, concursos artísticos, etc.

18.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A programación didáctica, documento guía para a práctica docente, debe entenderse como un texto susceptible de implementación e reorientacións conforme o día a día da súa aplicación ou os resultados se demostren como insatisfactorios.

En primeiro lugar cómpre observar se todos os elementos curriculares que foron planificados e/ou deseñados son operativos, idóneos ou hai algún que pode estar de máis; durante a fase de execución pode darse tamén que a propia posta en práctica e os rexistros que se realicen, as opinións do alumnado e as postas en común con eles, suxiran algún tipo de incorporación ou rectificación sobre a marcha. Finalmente, hai un momento ao remate do proceso, despois de que fose aplicada a programación, no que imos ter unha visión máis clara sobre a súa validez. Nese punto, xa contamos con información dabondo como para avaliar o feito e poder reconducir o que sexa necesario para que o texto se mellore e con el a nosa acción educativa futura.

A continuación incluímos unha rúbrica que contribuirá para dar idea clara sobre como foi a programación didáctica feita e os resultados acadados logo da súa aplicación.

<i>0 = non se contempla</i>	<i>1 = contéplase de maneira parcial</i>	<i>2 = ben</i>	<i>3 = excelente</i>
OBXECTIVOS			
Inclúense obxectivos xerais do currículo.			
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CA) e abórdase todos, non falta ningún.			
COMPETENCIAS CLAVE			
Indícase o tratamento xeral para cada competencia cando se expón a contribución de EPVA ao desenvolvemento das competencias clave.			
As competencias relaciónanse cos criterios de avaliación para poderen ser avaliadas.			
Preséntanse desde a materia de EPVA estratexias de lectura e o desenvolvemento da comprensión oral e escrita.			
Téñense en conta medidas para o uso das TIC.			
CONTIDOS			
Os contidos preséntanse de forma integrada (sen facer diferenza en se son conceptuais, procedementais e actitudinais).			
Conéctanse os contidos con situación reais, significativas, funcionais ou motivantes.			
AVALIACIÓN			
Inclúense os Crit. avaliac. de EPVA do currículo.			
Concrétanse os indicadores de avaliación a partir da análise dos CA do currículo.			
Hai unha concreción dos indicadores para que poidan medirse.			
Indícanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.			
Dáselles un valor ponderado aos diferentes instrumentos de avaliación.			
Para cada CA sinálanse os indicadores que se toman como aprendizaxes mínimos para superalo.			
Os indicadores dos mínimos figuran nas unidades, temas ou proxectos para a súa adquisición.			
Actividades de orientación e apoio para a superación das probas extraordinarias.			
Actividades de recuperación para os alumnos coa materia non superada en cursos anteriores.			
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender a diversidade.			
Propostas de control do propio aprendizaxe: autoavaliación.			
METODOLOXÍA			
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino.			
Atención a metodoloxías que priman o papel activo do alumno.			
Relevancia da aplicación práctica do coñecemento e da súa utilidade.			
Previsión de tarefas contextualizadas en situación significativas e funcionais para o alumnado.			
Interrelacións entre contidos de EPVA e contidos doutras materias.			
Equilibrio entre o traballo persoal e o cooperativo.			
Adaptación dos principios básicos do método científico en actividades que permitan formular e resolver problemas e a busca, escolla e procesamento da información.			
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamento e materiais. Materiais e recursos didácticos, incluídos o material curricular e libros de texto.			
OUTROS ASPECTOS			
Medidas de atención á diversidade e inclusión de adaptacións curriculares precisas.			
Coordinación entre o profesorado que intervéñ co grupo de alumnos/as.			
Coordinación do profesorado con outros grupos da etapa.			
Actividades extraescolares e complementarias programadas polo Departamento.			
Hai unha organización temporal dos contidos ao longo do curso.			

20. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A través das seguintes táboas planifícase o proceso de ensinanza e a práctica docente.

A PLANIFICACIÓN		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Programa a asignatura tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo do que se dispón para o seu desenvolvemento.		
3. Os contidos da programación selecciónanse e secuencianse de forma progresiva tendo en conta das particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando as actividades e os recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do seus alumnado.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos para realizar proxectos conxuntos que poidan ter contidos afíns á asignatura.		

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO EN SINANZA APRENDIZAXE.		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos/das estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os proxectos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información precisa sobre as tarefas/proxectos e como melloralos		
5. Corrixe e explica de forma habitual o traballo e as tarefas do alumnado e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes		
6. Emprega suficientes criterios de avaliación que atenden dun xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes se alcanzaron satisfactoriamente.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes se alcanzaron satisfactoriamente.		
9. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais/nais		

INTERESE E MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPUESTA
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada proxecto.		
2. Plantexa situacións que introduzan o tema (lecturas, debates, diálogos...)		
3. Relaciona as aprendizaxes com aplicacións reais e coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas		
5. Relaciona os contidos e as tarefas cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes na aula.		
7. Promove a reflexión e a apreciación cara os temas tratados.		